

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 26/12/1970

Colección:

Data: 26/12/1970

De:

Ricardo Palmás;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Barcelona (local), Barcelona (provincial), Cataluña (de comunidade autónoma)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Mencionados:

Eduardo Blanco Amor; Miguel de la Iglesia y Diego; Basilio Losada; Pablo Picasso; Jaime Sabartés; Ricard Salvat i Ferré; Maruxa Seoane;

Transcrición da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 26/12/1970

Barcelona, 26 de Nadal de 1970

Meu querido Seoane:

Ista é a miña grande esperencia nos anos que teño de vida. É a vivencia descoloridora de Europa e a valoración da América na que vivo. Non vou falar do que particular ou isoladamente me deslumbra, do atoparme con obxectos, con paisaxes, con homes ollados longamente nos libros, non. Todo isto é unha asoballante cabalgada que xurde desde a prehistoria aos nosos días, non constantes labazadas que caen derriba dun, que fan tremer o espírito como unha folla ao vento.

Aos dous días de estar aquí, atopei camiñando pola calle de la Paja ao Blanco-Amor, está mui ben físicamente. Dinlle o diñeiro. Faleille da súa novela, por sorte esqueceu o proieto de queimala, vaina editar en Galaxia. Sen dúbida é un espírito fino que aínda lle pode prestar bós servicios á nosa cultura. O Ricard Salvat quer que lle escriba unha peza teatral en galego prá representar, en castelán, en Barcelona. O Basilio Losada pediume unha axudiña pra o convencer, de bon gusto

farei todo o que poida. Este rapaz é xeneroso demais e cunha sensibilidade e unha capacidade que ogallá tiveramos unha dúcia deles. Hoxe fomos os tres a Tarragona pasando antes polos mosteiros do cister de Santa Creus e máis Poblet, unha viaxe inesquecibel...

Estiven no Museo Picasso na rua Montcada, é impresionante. Levo o folleto da inauguración das novas salas pró arquivo do Carlos Maside, ten interés prá cousa galega. Tamén pensei que pode interesar pra unha nota en Galicia Emigrante en folia adxunta vai a información.

Perdoe a letra e o lle escribir en follas de caderno pro hoxe está todo pechado e non quería deixar sen de facelo [sic].

Unha forte aperta e a miña lembranza pra Maruxa.

Ricardo

[Anexo.]

“El día 23 de febrero de 1970, Pablo Picasso firmó la donación a la ciudad de Barcelona –a la memoria de su entrañable amigo Jaime Sabartés– de la importantísima colección de obras que poseía en nuestra ciudad y que había sido afectuosamente custodiada por tres generaciones familiares...”

“A través de centenares de obras, en su mayoría dibujos y pinturas al óleo sobre tabla o lienzo, pueden seguirse sin interrupción, las sucesivas etapas que van desde un dibujo malagueño de 1890, has la fijación de domicilio en París, en verano de 1904, pasando por la estancia en La Coruña (otoño de 1891 a verano de 1895)...”

“A partir del mes de diciembre de 1970, las obras que constituyen la donación, pueden visitarse en la planta baja y parte principal de los palacios Agular y del Barón de Castellet, respectivamente, en presentación contigua aunque separada, de las restantes series que forman el Museo...”

Na primeira sala do Museo na planta baixa gárdase parte da obra feita por Picasso na Cruña cúa relación é a seguinte:

1º painel: tres estudos a lápis
cabeza de fauno 1894
corpo masculino 1895
brazo 1894

1ª vitrina: Varias tapas pintadas
Entre elas destácanse:
O Orzán
A Torre de Hércules
escenas rurales varias: corro con bois
cabeza de galega
aldeanos Galegos

hai tamén dous libros abertos, un deles é a Gramática castellana de Miguel de la Iglesia y Diego impresa en Granada leva a firma do seu dono, en datas 1871-1892 e

ademáis a inscrición “Es propiedad de Pablo Ruiz Picasso”.

2ª vitrina:

2 pequenos pandeiros pintados ao óleo cunha figura de home e unha vella galega lendo, respetivamente
2 pequenos óleos: un can e o busto dun home
2 cadenos de apuntes con cabalos e figuras varias
2 libros escolares con dibuxos nas marxens das follas

2º painel:

cabeza dun vello galego 1895 (óleos)
estudio dun anaco dun friso 1895
cabeza de home con pucha e barba 1895 (óleos)

3º painel:

dibuxos varios sen data enmarcados en dous cuadros.

4º painel

dibuxos con escenas galegas
carro galego
aldeanos e cerdos correndo
data 9-I-93

esíbese un exemplar de
“Azul y blanco”

dí nº 1

día 8 de outubro de 1893”

Se publica todos los domingos

dibuxos varios

unha folla cunha lista de libros.

Os paneis e vitrinas están numerados a partir do primeiro que contén cousas feitas en Galicia, denantes hai soio un painel que esibe un traballo feito en Málaga. Esta todo ordeado de esquerda á dereita.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.